

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión extraordinaria e urxente do 9 de febreiro de 2011

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Carlos López Font
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D. Santiago Domínguez Olveira
D. Eudósio Álvarez Álvarez
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. José Manuel Mariño Mendoza

Invitados:

D^a Laura López Atrio

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a María Jesús Lago Rey
D. Angel Rivas González
D. Xesús López Carreira
D^a Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás 14,05 horas do día nove de febreiro de dous mil once e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, o titular da Asesoría Xurídica, non asistiu.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(131).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(132).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA “MELLORA DE CONEXIÓNS TRANSVERSAIS EN TEIS- ACONDICIONAMENTO DA PONTE SOBRE A AP-9 E FFCC NA RÚA COUTADAS”, AO ABEIRO DO PROXECTO REXENERACIÓN URBANA DO BARRIO DE TEIS. EXPTE. 7953/77.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Promoción Económica e Emprego, do 8.02.11, conformado polo concelleiro delegado da área, a Xunta de Goberno local acorda:

1.- Aprobación do plan de seguridade e saúde da obra “Mellora de conexións transversais en Teis – Acondicionamento da ponte sobre a AP-9 e FFCC na rúa Coutadas” ,ao abeiro do proxecto Rexeneración Urbana do Barrio de Teis.

3(133).- CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DO PROGRAMA EDUCATIVO VIGO POR DENTRO, 2ª PRÓRROGA. EXPTE. 8548/332.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do servizo de Educación, do 24.01.11, conformado pola concelleira delegada de Educación, e cos Rcs. de Intervención de data 7.02.2011, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar a segunda prórroga do contrato do servizo do programa educativo municipal Vigo por dentro, adxudicado pola Xunta de Goberno Local de 10 de decembro de 2007 a Producción e Xestión Cultural S.L., o Lote A (monitoraxe e comunicación), e a "Autocares la Florida, S.A." o lote B (Transporte), dende o 1 de febreiro de 2011 ata o 31 de xaneiro de 2012, de acordo cos pregos de condicións aprobados pola XGL de 10 de setembro de 2007 e a oferta presentada.

O prezo do contrato perante a 2ª prorroga e ata que se produza a 3ª revisión de prezos do contrato, serán os establecidos pola XGL en sesión de 20 de abril de 2009, na que se fixou o seguinte:

Lote A: Monitoraxe e comunicación, adxudicado a "Producción e xestión Cultural", establecendo o prezo do contrato dende o 1 de febreiro de 2011 ata o 31 de xaneiro de 2012, na cantidade de 129.760,05 euros.

Lote B: Transporte, adxudicado a "Autocares la Florida, S.A.", establecendo o prezo do contrato dende o 1 de febreiro de 2011 ata o 31 de xaneiro de 2012, na cantidade de 102.379,85 euros.

4(134).- CONVENIO ENTRE O CONCELLO-CAIXANOVA E COPROPIETARIOS DO ENTORNO DA RÚA SALVATERRA. EXPTE.63191/250.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da área de Servizos Xerais, do 9.02.11, conformado pola concelleira delegada da área, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o convenio Concello-Novacaixagalicia-mancomunidade de Propietarios da Rúa Salvaterra, subscrito o 21 de xaneiro de 2011, nos termos contidos no mesmo.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás 14,10 H.
Como secretaria dou fe.
am.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.